

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2020, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SÉTIMO. OFERTAS PRESENTADAS DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DE PRAZOS NO EXPEDIENTE DE CONCURSO DE IDEAS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO MULTIFUNCIONAL DE OCIO, CULTURA, E PROMOCIÓN ECONÓMICA DIRIXIDO Á XUVENTUDE E PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE AMES. ACTUACIÓN EDUSI.

Expediente 2020/C006/000001

En sesión de Xunta de Goberno Local do 13.03.2020 aprobouse o expediente de concurso de ideas con intervención de xurado para a redacción do proxecto de construción de edificio para centro multifuncional de ocio, cultura, promoción económica dirixido a xuventude e persoas en risco de exclusión social no Concello de Ames.

O día seguinte, 14.03.2020, aprobouse o Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria orixinada polo Covid-19.

Entre as consecuencias do estado de alarma atópase a suspensión de prazos dos expedientes administrativos, tal e como recolle a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020.

Non obstante, o expediente de concurso de ideas con intervención de xurado (aprobado antes do estado de alarma) publicouse na plataforma de contratación do sector público. A pesares de que posteriormente publicouse na referida plataforma a suspensión do expediente o certo é que ata un total de tres licitadores presentaron proposición.

O Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio o sector cultural e de carácter tributario para facer fronte o impacto económico e social do Covid-19, permite levantar a suspensión de prazos nos expedientes de licitación que se tramitan electronicamente, feito que non acontece no expediente de concurso de ideas xa que a presentación de proposicións non está prevista por medios electrónicos.

Finalmente, con data 22.05.2020, mediante Real Decreto 537/2020, que prorroga por quinta vez o estado de alarma, acordase tamén levantar dende o 1 de xuño a suspensión de todos os prazos administrativos. Este levantamento afecta, polo tanto, o expediente que nos ocupa.

Dado que a publicación do concurso polo concello na plataforma de contratación do sector público (a pesares de que posteriormente comunicouse que os prazos estaban suspendidos) puido xerar certa confusión entre as licitadoras, parece oportuno adoptar acordo polo órgano de contratación para entendelas admitidas.

Por todo o exposto a Xunta de Goberno local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguintes acordos:

Primeiro. Declarar admitidas as tres proposicións presentadas no expediente do concurso de ideas con intervención de xurado para a redacción do proxecto de construción de edificio para centro multifuncional de ocio, cultura, promoción económica, dirixido á xuventude e persoas en risco de exclusión social no Concello de Ames, no período no que esta licitación estivo suspendida pola disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, co fin de favorecer a concorrencia. As tres proposicións son as seguintes:

-proposición presentada o 29.04.2020 baixo o lema JBOND007

-proposición presentada o 29.04.2020 baixo o lema HUERT000

-proposición presentada o 07.05.2020 con número identificativo de correos PK0B750000117680115220Y.

Segundo. Publicar o acordo anterior na plataforma de contratación do sector público.

Terceiro. Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 12 de xuño de 2020, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo